

## **NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E A PROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

*Aprobada polo Consello Social do 04/05/2017*

A nova regulación das ensinanzas universitarias oficiais prevé a posibilidade de establecer unha maior diversidade na planificación docente ao obxecto de ofrecer un servizo público que dea resposta aos diferentes tipos de persoas que decidan desenvolver estudos universitarios.

Por iso é necesario establecer, de acordo co artigo 46.2, apartado k) da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, como os estudantes poden ter dereito a unha atención que facilite compaxinar os estudos coa súa actividade laboral.

Por outra banda, o Estatuto do Estudante Universitario, aprobado por Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, determina no seu artigo 7.2, que as administracións públicas con competencias en materia universitaria e as universidades establecerán, dentro das súas disponibilidades orzamentarias, as medidas que sexan necesarias para que os estudantes a tempo parcial poidan exercer os dereitos aos que se refire o apartado 1 do citado precepto. Engadindo a continuación que, para estes efectos, os estudantes que o desexen solicitarán o recoñecemento de estudante a tempo parcial á súa universidade, que procederá a identificar esta condición.

Así mesmo, o Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, no apartado 1.4 do Anexo I, relativo á memoria para a solicitude de verificación dos títulos oficiais, determina que deberá incluírse na citada memoria o número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante e período lectivo e, no seu caso, as normas de permanencia. Engadindo que os requisitos expostos neste apartado poden permitir aos estudantes cursar estudos a tempo parcial e deben atender a cuestións derivadas da existencia de necesidades educativas especiais.

É, por tanto, evidente á luz destas normas que a Universidade da Coruña debe regular as condicións e contemplar os efectos que puidesen derivarse do recoñecemento do réxime de dedicación a tempo parcial dos seus estudantes de Grao e de Máster Universitario, así como que a Universidade da Coruña debe dotarse de normas de permanencia, coas que poder exercer a responsabilidade social que debe impregnar a actividade dunha institución de educación superior e compatibilizar o estudo do seu alumnado co adecuado aproveitamento dos fondos públicos destinados á formación universitaria, promovendo o progreso académico dunha maneira ordenada e co maior rendemento académico, implicando aos estudantes no avance e progreso dos seus estudos, axustando a matrícula aos créditos que realmente un estudante pode razoablemente superar conforme ás condicións de traballo que establecen os créditos ECTS. Desta forma farase realidade o binomio protección de dereitos-exercicio da responsabilidade dos estudantes que figura no preámbulo do Estatuto do Estudante Universitario.

A Lei Orgánica de Universidades de 2001, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, establece que a autonomía das universidades comprende a admisión, réxime de permanencia e verificación dos coñecementos adquiridos polos estudantes. O art. 46.3 sinala que as universidades establecen os procedementos de verificación dos coñecementos dos estudantes e que será o Consello Social o que aprobe as normas de permanencia.

Polo exposto, a proposta do Consello de Goberno que tivo lugar o 28/06/2016, o Pleno do Consello Social da Universidade da Coruña, reunido en sesión ordinaria o 04/05/2017, ao abeiro do disposto no art. 46.3 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e do art. 75.4 h) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, acordou por unanimidade aprobar, previo informe do Consello Galego de Universidades, de data 30/11/2016, e do Consejo de Universidades, de data 17/01/2017, a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e Máster Universitario na Universidade da Coruña.

## **CAPÍTULO I**

### **Disposicións Xerais.**

#### **Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.**

1. As presente norma ten por obxecto regular o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de Grao e de Máster Universitario da Universidade da Coruña, no marco do RD 1393/2007, do 29 de outubro, modificado polo RD 861/2010, de 2 de xullo, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

2. A norma será de aplicación aos estudantes que se matriculen en estudos oficiais de Grao ou de Máster Universitario, na Universidade da Coruña.

3. Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta norma:

a) Os estudantes que se atopen matriculados en titulacións conxuntas con outras universidades nacionais ou estranxeiras, conducentes á obtención dun único título oficial de Grao ou Máster Universitario, que se rexerán polo que para ese efecto establezan os respectivos convenios, ou polo que determinen as memorias de verificación correspondentes.

b) Os estudantes da UDC que se atopen matriculados nalgún dos programas de simultaneidade de estudos aprobados polo Consello de Goberno, que se rexerán polas súas propias normas de matrícula, sen prexuízo do disposto na Disposición transitoria segunda desta norma.

c) Os estudantes participantes en estudos regulados por convenios de dobre titulación con universidades estranxeiras, que se rexerán polo que para ese efecto establezan os respectivos convenios.

d) Os estudantes doutras modalidades de matrícula non destinadas á obtención dunha titulación oficial.

e) Os estudantes que participen en programas de mobilidade, durante o ano que cursen estudos noutras universidades.

#### **Artigo 2. Réximes de dedicación aos estudos de Grao.**

1. Os estudantes da Universidade da Coruña, matriculados nos estudos oficiais de Grao, terán dereito, nos termos, condicións e aos efectos establecidos na presente norma e con independencia do curso no que se atopen, a elixir a condición de estudantes con dedicación a tempo completo ou de estudantes con dedicación a tempo parcial.

Consonte co exposto todas as titulacións deberán garantir a posibilidade de que os alumnos se poidan matricular a tempo parcial.

2. O réxime de dedicación ao estudo a tempo completo será o réxime ordinario nos estudos de Grao na Universidade da Coruña.

Enténdese por estudo a **tempo completo** aquel réxime no que o estudante se matricula de:

**a)** 60 créditos (todos os créditos correspondentes ao primeiro curso da titulación), no **caso de ser estudante de primeiro/primeira vez**.

**b)** Dun número non inferior a 48 créditos e que nunca pode superar os 78 créditos, agás que lle reste un número inferior para rematar os seus estudos, no **caso de ser estudante de continuación de estudos**. Poderase alcanzar unha matrícula de ate 90 créditos cando esta estea condicionada por obrigas académicas establecidas no plan de estudos: ordenación temporal do plan de estudos, prelación ou prerequisites, compatibilidade horaria das materias etc.

**c)** O alumno de continuación de estudos de Grao, con réxime de dedicación a tempo completo, deberá matricularse respectando o número máximo de créditos autorizado, incluíndo todos os créditos de formación básica e obrigatoria, daqueles cursos académicos anteriores, que non teña superados.

**3.** O réxime de dedicación ao estudo a **tempo parcial** ten as seguintes consideracións:

**a)** Son **estudantes de primeiro curso/primeira vez**, con dedicación ao estudo a tempo parcial aqueles aos que se lles autorice a efectuar a súa matrícula neste réxime, que nunca poderá ser inferior a 24 créditos, nin superior a 48, tras acreditaren que se atopan nalgún dos supostos que se enumeran no artigo 8 desta norma e de acordo cos procedementos establecidos nos artigos 7 e 9.

A Comisión Académica de cada Facultade ou Escola será o órgano encargado de resolver as solicitudes en base ás circunstancias acreditadas polos solicitantes, sen que en ningún caso o número de solicitudes autorizadas poida superar o 15% do número de prazas que se ofertan a primeiro curso en cada ano académico. Por conseguinte, establecerase un sistema de selección que, en calquera caso, terá en conta a nota de acceso e/ou a nota de admisión á Universidade. No suposto de que non se cubrixe na súa totalidade a oferta de prazas realizada, non sería necesario establecer ese límite para o réxime de matrícula a tempo parcial; porén deberá respectarse en todo caso o número de prazas que se oferten a primeiro.

**b)** Son **estudantes de continuación de estudos**, con dedicación a tempo parcial, aqueles que realicen unha matrícula que nunca pode ser inferior a 24 créditos, agás que lle reste un número inferior para rematar os seus estudos, nin superior a 48 créditos. A Comisión Académica de cada Facultade ou Escola será o órgano encargado de resolver as solicitudes en base ás circunstancias acreditadas polos solicitantes, tras acreditaren que se atopan nalgún dos supostos que se enumeran no artigo 8 desta norma e de acordo co procedemento establecido no artigo 9.

### **Artigo 3. Requisitos de permanencia e progresión nos estudos de Grao.**

**1.** Os estudantes de **primeiro curso, por primeira vez**, deberán superar nese curso académico polo menos 12 créditos, se a matrícula se efectuou no réxime de **dedicación a tempo completo**, e 6 créditos no réxime de **dedicación a tempo parcial** para poder ter a consideración de estudante de continuación de estudos na mesma titulación no curso académico seguinte.

De non cumprirse estes requisitos, o Decano/Director do Centro, previa petición do alumno, poderá admitir de novo a matrícula no seguinte curso académico, pero neste caso o alumno deberá superar un mínimo de 36 créditos obrigatorios do primeiro curso para matrícula a tempo completo, e 18 créditos obrigatorios no caso de tempo parcial.

2. Os estudantes de **continuación de estudos, matriculados a tempo completo**, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada tres cursos académicos.

3. Os estudantes de **continuación de estudos, matriculados a tempo parcial**, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada tres cursos académicos.

4. Aquel estudante que non cumprise os requisitos mencionados nos apartados 1, 2 e 3 anteriores, non poderá proseguir os mesmos estudos na UDC. Non obstante poderá cambiar de universidade e/ou de titulación conforme se dispón no artigo 11 desta Norma.

#### **Artigo 4. Réximes de dedicación aos estudos de Máster Universitario.**

1. Os estudantes da Universidade da Coruña, matriculados nos estudos oficiais de Máster, terán dereito, nos termos, condicións e para os efectos establecidos na presente norma e con independencia do curso no que se atopen, a elixir a condición de estudantes con dedicación a tempo completo ou de estudantes con dedicación a tempo parcial.

Consonte co exposto todas as titulacións deberán garantir a posibilidade de que os alumnos se poidan matricular a tempo parcial.

2. O réxime de dedicación ao estudo a tempo completo será o réxime ordinario nos estudos de Máster na Universidade da Coruña.

Enténdese por estudo a **tempo completo** aquel réxime no que o estudante se matricula de:

**a)** 60 créditos (todos os créditos correspondentes ao primeiro curso da titulación), no **caso de ser estudante de primeiro/primeira vez**.

**b)** Dun número non inferior a 48 créditos e que nunca pode superar os 78 créditos, agás que lle reste un número inferior para rematar os seus estudos, no caso de ser **estudiante de continuación de estudos**. Poderase alcanzar unha matrícula dun número superior de créditos cando esta estea condicionada por obrigas académicas establecidas no plan de estudos: ordenación temporal do plan de estudos, prelación ou prerrequisitos, compatibilidade horaria das materias etc.

3. O réxime de dedicación ao estudo a **tempo parcial** ten as seguintes consideracións:

**a)** Son estudantes de **primeiro curso/primeira vez**, con dedicación ao estudo a tempo parcial aqueles aos que se lles autorice a efectuar a súa matrícula neste réxime, que nunca poderá ser inferior a 24 créditos, nin superior a 48, tras acreditaren que se atopan nalgún dos supostos que se enumeran no artigo 8 desta norma e de acordo cos procedementos establecidos nos artigos 7 e 9.

A Comisión de selección do Máster de cada Facultade ou Escola será o órgano encargado de resolver as solicitudes en base ás circunstancias acreditadas polos solicitantes, sen que en ningún caso o número de solicitudes autorizadas poida superar o 30% do número de prazas que se ofertan a primeiro curso en cada ano académico. Por conseguinte, establecerase un sistema de selección que, en calquera caso, terá en conta a nota media do expediente académico correspondente aos estudos universitarios que dan acceso ao Máster. No suposto de que non se cubrise na súa totalidade a oferta de prazas realizada, non sería necesario establecer ese límite para o réxime de matrícula a tempo parcial; porén deberá respectarse en todo caso o número de prazas que se oferten a primeiro.

**b)** Son estudantes de **continuación de estudos**, con dedicación a tempo parcial, aqueles que realicen unha matrícula que nunca pode ser inferior a 24 créditos, agás que lle reste un número inferior para rematar os seus estudos, nin superior a 48 créditos. A Comisión de selección do Máster de cada Facultade ou Escola será o

órgano encargado de resolver as solicitudes en base ás circunstancias acreditadas polos solicitantes, tras acreditaren que se atopan nalgún dos supostos que se enumeran no artigo 8 desta norma e de acordo co procedemento establecido no artigo 9.

#### **Artigo 5. Requisitos de permanencia e progresión nos estudos de Máster Universitario.**

**1.** Os estudantes **de primeiro curso, por primeira vez, matriculados en réxime de dedicación a tempo completo**, deberán superar nese curso académico polo menos 18 créditos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 12 créditos no primeiro ano académico no que estivesen matriculados.

**2.** Os estudantes **de primeiro curso, por primeira vez, matriculados en réxime de dedicación a tempo parcial** deberán superar nese curso académico polo menos 12 créditos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 6 créditos no primeiro ano académico no que estivesen matriculados.

**3.** Os estudantes de **continuación de estudos, matriculados a tempo completo**, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada dous anos académicos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada tres anos académicos.

**4.** Os estudantes de **continuación de estudos, matriculados a tempo parcial**, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada dous anos académicos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada tres anos académicos.

**5.** Aquel estudante que non cumprise os requisitos mencionados nos apartados 1, 2, 3 e 4 anteriores, non poderá proseguir os mesmos estudos na UDC. Non obstante poderá cambiar de universidade e/ou de titulación conforme se dispón no artigo 11 desta Norma.

#### **Artigo 6. Efectos da matrícula en réxime de estudos a tempo parcial.**

O recoñecemento da condición de estudante a tempo parcial nos estudos oficiais de Grao e de Máster Universitario da UDC, producirá, polo menos, os seguintes efectos:

**a)** O dereito preferente a elixir quenda cando existan dous ou máis grupos con horarios diferentes nunha determinada materia ou disciplina.

**b)** O dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial que se establece no apartado 5 do artigo 7, en tanto que non afecte negativamente ao proceso de avaliación do estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da Universidade da Coruña concretarán o alcance da citada dispensa nas súas respectivas titulacións.

**c)** O dereito a matricularse dun número de créditos inferior ao que corresponda aos alumnos con dedicación a tempo completo. Os centros determinarán en cada caso o número de créditos, que non poderá ser inferior a 24 nin superior a 48 créditos, para o caso dos estudos de Grao, e non inferior a 24, nin superior a 48 para os estudos de Máster Universitario en primeiro curso/primeira vez e non inferior a 24, nin superior a 48, para continuación de estudos, salvo que, en ambos casos, lle resten un número inferior para finalizar os seus estudos.

O estudante de Grao, en todo caso, deberá matricularse sempre en primeiro lugar dos créditos correspondentes ás materias de formación básica e obrigatorias que teña sen superar de cursos anteriores.

## **CAPÍTULO II**

### **Procedemento de matrícula de estudos en réxime parcial dos estudantes.**

#### **Artigo 7. Solicitude.**

1. O estudante que queira realizar estudos a tempo parcial deberá solicitar esta modalidade no momento de matricularse, para o que deberá alegar e xustificar documentalmente os motivos que lle impiden a realización dos estudos a tempo completo. Deberá acreditar de forma fidedigna, mediante a achega dos xustificantes oportunos, que se atopa nalgún dos supostos que se enumeran no artigo seguinte, que poden dar dereito a solicitar o recoñecemento da condición de estudante a tempo parcial.

2. As circunstancias alegadas para solicitar o recoñecemento da condición de estudante a tempo parcial deberán concorrer necesariamente nos interesados ao comezo do curso académico no que vaia matricularse. O cambio das súas condicións ao longo do curso académico non alterará a súa matrícula de estudos a tempo parcial, agás que de forma voluntaria se poida acoller a algún dos casos previstos para modificación de matrícula nos prazos que correspondan.

3. Os solicitantes da opción de réxime a tempo parcial deberán aprazar o pago da súa matrícula ata que se resolva a súa solicitude. Se o estudante non resulta seleccionado na opción de matrícula a tempo parcial sempre poderá optar pola matrícula a tempo completo.

Se o solicitante non opta por matricularse a tempo completo, tras non resultar seleccionado na opción de matrícula a tempo parcial, deberá renunciar á praza que lle foi asignada pola CIUG ou pola Comisión de selección do Máster, no seu caso.

4. Os estudantes de primeiro/primeira vez, que soliciten a opción do réxime a tempo parcial, deberán matricularse de todo o primeiro curso completo.

Tras serlle concedido o réxime de matrícula a tempo parcial modificarase a matrícula inicial, para o cal os estudantes deberán indicar no seu centro aquelas disciplinas nas que desexa permanecer matriculado e, xa que logo, aquelas outras que deberán darse de baixa da súa solicitude inicial de matrícula e deberán pagar os prezos polos créditos efectivamente matriculados, para o que disporán do prazo que lle outorgue a Normativa de Xestión Académica correspondente a cada curso académico.

5. Os estudantes a tempo parcial poderán solicitar aos Decanos e Directores dos centros responsables da súa titulación, ou aos Coordinadores dos Másters, no seu caso, a dispensa académica que lles exima da asistencia a clase daquelas materias, ou partes de materias, nas que se admita a citada dispensa na súa guía docente; porén en todo caso serán avaliados polo sistema de avaliación continua. A solicitude de dispensa poderá realizarse no momento de remitir a documentación xustificativa mencionada no apartado 1 deste artigo.

#### **Artigo 8. Supostos.**

Considéranse como supostos que poden dar dereito a solicitar o recoñecemento da condición de estudante con dedicación ao estudo a tempo parcial os seguintes:

1. O desenvolvemento de actividades laborais ou profesionais, por conta propia ou allea durante o curso académico, que abrangan un mínimo de 90 días naturais. Esta circunstancia deberá ser acreditada mediante a achega do correspondente contrato de traballo ou nomeamento administrativo, ou da documentación que acredite a condición de empresario ou de traballador autónomo, sendo necesario entregar en todos os casos a documentación xustificativa de estar dado de alta na Seguridade Social ou en réxime equiparable.

- 2.** Estar afectado por unha discapacidade física, psíquica ou sensorial, nun grao igual ou superior ao 33 por cento. Deberá acreditarse mediante certificación emitida polo organismo competente para o recoñecemento desta discapacidade.
- 3.** Padecer unha enfermidade, ou estar cun tratamento médico, que lle impida realizar estudos a tempo completo. Deberá acreditarse de forma fidedigna mediante o correspondente certificado médico.
- 4.** Estar embarazada, ter concedida unha baixa por maternidade ou unha licenza ou permiso por maternidade ou por paternidade, preadopción, adopción ou acollemento dun fillo. Deberá acreditarse de forma fidedigna mediante un certificado médico ou mediante os xustificantes correspondentes.
- 5.** Ter fillo/s menor/es de tres anos ao seu cargo, debendo acreditarlo mediante a achega da documentación xustificativa desta situación.
- 6.** Ter a consideración de coidador principal de persoas dependentes. Esta situación acreditarase mediante a presentación da documentación oficial que a xustifique e/ou a certificación expedida polo organismo competente acreditativa da súa circunstancia como coidador nunha situación de dependencia.
- 7.** Ter a consideración de vítima de actos de terrorismo. Esta consideración xustificarse da forma que se indique na Normativa de Xestión Académica que a UDC aprobe para cada curso.
- 8.** Ter a consideración de vítima de violencia de xénero. Esta consideración xustificarse da forma que se indique na Normativa de Xestión Académica que a UDC aprobe para cada curso.
- 9.** Ser maior de 45 anos.
- 10.** Acreditar ser membro electo e representante dos cidadáns nalgunha institución ou administración pública.
- 11.** Acreditar ter dificultades económicas para continuar os seus estudos.
- 12.** Acreditar estar matriculado a tempo completo e de xeito simultáneo noutros estudos universitarios ou superiores (conservatorios superiores, etc) externos á Universidade da Coruña.
- 13.** Ter a consideración de deportista de alto nivel ou de deportista de alto rendemento; debendo acreditarlo mediante a achega da documentación que acredite esta condición.
- 14.** Desempeñar labores de representación estudantil ou de cooperación e voluntariado. Esta circunstancia acreditarase a través da certificación da correspondente oficina da Universidade ou, no seu caso, daquela organización na que desenvolva o seu labor.
- 15.** Estar incluído no ámbito de aplicación dun convenio suscrito con outras universidades que contemplan esta situación, para garantir a mobilidade dos estudantes.
- 16.** Aqueloutras situacións, que motiven a solicitude de matrícula a tempo parcial, baseadas en cuestións da organización académica propia de cada título e/ou da situación académica persoal do estudante, de forma que queden suficientemente acreditadas a criterio das comisións académicas e das comisións de selección dos Másteres Universitarios das Facultades e Escolas.

### **Artigo 9. Concesión da condición de estudante a tempo parcial e renovación da concesión para os estudantes de continuación de estudos.**

1. Os solicitantes da condición de estudante con dedicación ao estudo a tempo parcial disporán dun prazo de dez días hábiles, que contarán a partir daquel no que realizaron a súa matrícula, para remitir ou entregar nos centros a documentación xustificativa dirixida ao seu Decano ou Director, ou ao Coordinador do Máster, no seu caso. A Comisión Académica do centro en que se matricule o alumno, ou a Comisión de Selección no caso dos estudos de Máster Universitario, deberán resolver as solicitudes no prazo de quince días hábiles, que contarán a partir do seguinte ao da recepción da documentación entregada polos interesados. As solicitudes resolveranse por desconcentración das competencias do Reitor. Contra esta resolución poderase presentar recurso de alzada ante o Reitor.

2. A concesión da condición de estudante con dedicación ao estudo a tempo parcial terá unha vixencia temporal dun curso académico. Polo exposto os alumnos de continuación de estudos deberán solicitar a súa renovación, no seu caso, para cada curso, nos termos, condicións e procedementos establecidos nesta norma e sempre que concorran e se acrediten as circunstancias necesarias.

### **Artigo 10. Desistencia e anulación de matrícula**

1. A estimación da solicitude de desistencia total da matrícula realizada, que terá a efectos de permanencia a mesma consideración que se o estudante non se matriculou, deberá realizarse de conformidade coas normas establecidas na UDC e poderá levar consigo a devolución das cantidades aboadas en concepto de prezos públicos, só se a solicitude se realiza nos prazos previstos na Normativa de Xestión Académica correspondente a cada curso académico, dentro do primeiro cuatrimestre.

2. A solicitude de desistencia parcial de matrícula, correspondente a materias do segundo cuatrimestre, motivada en causas sobrevidas e acreditadas de forma fidedigna, deberá presentarse polo estudante no prazo que se estableza na Normativa de Xestión Académica da Universidade para cada curso académico e a súa estimación poderá levar consigo a devolución do importe pagado en concepto de matrícula daquelas materias ou disciplinas do segundo cuatrimestre que correspondan, ou, no seu caso, a exención do pagamento fraccionado dos prazos que corresponderen.

No expediente académico do estudante ao que lle fose estimada a solicitude de desistencia parcial de matrícula motivada en causas sobrevidas, constarán todas as materias do primeiro cuatrimestre coas cualificacións que obtiver e, se é o caso, só aquelas outras materias do segundo cuatrimestre coas cualificacións que obtiver nelas.

3. O órgano ante quen debe presentar o estudante a solicitude de desistencia da súa matrícula no caso previsto no apartado 1 é o Decano ou Director do Centro, que resolverá en primeira instancia, actuando por desconcentración das competencias do Reitor, anulando totalmente a matrícula.

O órgano ante quen debe presentar o estudante a solicitude de desistencia da súa matrícula nos casos previstos no apartado 2 é o Reitor.

## **CAPÍTULO III**

### **Incumprimento da Norma e información do proceso.**

#### **Artigo 11. Cambio de universidade e/ou estudos universitarios oficiais**

1. Os estudantes que accederon con estudos universitarios oficiais españois parciais que desexen ser admitidos na Universidade da Coruña ou os estudantes desta



universidade que desexen cambiar de titulación, sen prexuízo do establecido no artigo 29 do Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño resultarlles de aplicación a presente normativa, tomando como punto de inicio a súa matrícula na titulación na que resultaren admitidos.

2. As solicitudes de praza de estudantes con estudos universitarios estranxeiros parciais ou totais que non obtivesen a homologación do seu título en España resolveranse conforme ao disposto no artigo 30 do Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño.

### **Artigo 12. Incumprimento das normas de permanencia**

1. Aquel estudante matriculado na UDC, que non cumpra as condicións de permanencia que establece esta Normativa deberá abandonar os estudos da titulación de Grao ou Máster Universitario no que estea inscrito.

2. Os Decanos e os Directores, tras o informe das comisións académicas correspondentes dos centros ou das titulacións, resolverán, por desconcentración das funcións do Reitor, as situacións e as solicitudes dos estudantes previstas nesta Normativa.

3. Contra a resolución dos Decanos e Directores dos centros caberá recurso de alzada ante o Reitor da Universidade, sen prexuízo da posibilidade de interposición daqueloutros recursos que se poidan interpor de acordo á lexislación vixente.

### **Artigo 13. Información e seguimento do proceso**

Con carácter anual, a Universidade da Coruña elaborará un informe de seguimento da implantación destas normas e dos seus resultados, que será presentado para o seu estudo e avaliación pola comisión do Consello Social que fose competente. Á vista dos resultados deste informe, esta comisión elevará as oportunas propostas de adaptación e revisión da normativa, ante o Pleno do Consello Social, para a súa aprobación de acordo coa lexislación vixente.

Corresponderá á Comisión de Plans de Estudos, delegada do Consello de Goberno, dar a coñecer a todos os centros este informe para facilitar as tarefas orientadora e informativa cara ao alumnado. Este informe será publicado na páxina web institucional.

### **Disposición Adicional Primeira. Centros adscritos.**

As presentes normas serán tamén de aplicación aos estudantes que se atopen matriculados nos Centros Adscritos da Universidade da Coruña, que actuarán seguindo os procedementos establecidos a través dos seus propios órganos ou unidades.

### **Disposición Adicional Segunda. Outras situacións.**

As estudantes que se atopen de baixa por maternidade ou aqueles outros que gocen da correspondente licenza por maternidade ou paternidade, terán dereito ao recoñecemento dun réxime de dispensa académica especial, coa finalidade de que non resulten prexudicados na súa avaliación.

### **Disposición Adicional Terceira. Difusión e publicidade.**

A Universidade da Coruña, así como os seus respectivos centros e servizos farán publicidade da posibilidade da matrícula a tempo parcial, ofrecerán información sobre os requisitos e trámites ao respecto e farán unha labor de asesoramento ós estudantes.

## **Disposicións Transitorias.**

### **1ª. Adaptación das memorias verificadas dos títulos ao réxime de dedicación aos estudos de Grao e de Máster Universitario.**

Aqueles títulos que indiquen nas súas memorias verificadas, uns números máximos e mínimos de créditos superiores ou inferiores aos establecidos nesta norma, para os diferentes réximes de dedicación ao estudo, deberán adaptar o contido das súas memorias a esta norma, para o cal solicitarán ou comunicarán o cambio correspondente no momento procedimental do informe de seguimento do título, de acordo co disposto no "Procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de Grao e Máster Universitario", aprobado pola Axencia para a Calidade do sistema Universitario de Galicia.

Os estudantes matriculados nestes títulos poderán continuar ben co réxime de dedicación ao estudo establecido na memoria verificada destes, no seu caso, e até que esta non se modifique, ou ben acollerse de forma definitiva ao réxime de dedicación ao estudo previsto nesta norma.

### **2ª. Aplicación dos requisitos de permanencia e de progresión aos estudantes de programas de simultaneidade de estudos de Grao.**

Aos estudantes dos programas de simultaneidade de estudos de Grao, resultaranlles de aplicación as súas propias normas de permanencia e de progresión, ata que estas sexan modificadas polo Consello de Goberno a proposta das Facultades e Escolas que xestionan estes programas, que deberán adaptalas aos requisitos de permanencia e progresión que se recollen nesta norma.

## **Disposicións derogatorias.**

**1ª.** Quedan derogados os apartados 1 e 2, do artigo 18, das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de Grao e de Máster Universitario, aprobadas polo Consello de Goberno do 19/12/2013, modificadas nos anos 2014 e 2105.

**2ª.** Quedan derogadas a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de Grao na Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno do 29/05/2012 e a Normativa de permanencia de estudantes de Grao e Máster Universitario na Universidade da Coruña, aprobada polo Consello Social do 27/03/2014, así como cantas normas de carácter interno desta universidade se opoñan ao disposto na presente norma.

## **Disposición Final. Entrada en vigor.**

A presente norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, segundo o previsto na Disposición adicional segunda da Lei do Sistema Universitario de Galicia.